

Celga



4

PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C4-B-18 (2)

PARTE 1 (Vídeo)

A continuación vai ver vostede dúas veces seguidas un vídeo sobre temporais. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Realizar unha exposición.
- Conversar sobre o tema.

VOZ EN OFF: Co inverno galego chegaron tamén os temporais. Despois dun outono relativamente calmo, o mar desencaeou todos os fenómenos meteorolóxicos adversos e durante os primeiros días do ano 2016 asistimos a alertas amarelas e laranxas por vento e por ondas. Sen dúbida, os meses de xaneiro e febreiro adoitan ser de temporais no mar galego. Hai anos nos que as cicloxéneses son tan continuas que as frotas permanecen semanas enteiras amarradas a porto. As xentes do mar sinalan que os ventos do sur e do sudoeste son os que traen os temporais a Galicia. Cómpre coñecer ben as condicións de vento, de mar e de ondas antes de se poñer coas faenas mariñeiras.

XOÁN TABOADA: No hemisferio norte hai menos radiación solar no outono e no inverno, o aire frío que está confinado nos polos vai descendendo de latitude, vai alimentando borrascas e esas borrascas teñen máis posibilidade de chegar ata o noso litoral e provocan varios efectos diferentes. Por unha banda *nos deixan* episodios de fortes ventos cando esas borrascas son moi profundas, as isóbaras están moi comprimidas e polo tanto os ventos sopran con moita intensidade. O normal é ter temporais de ventos de sur e suroeste, e *bueno*, aí provocarían avisos por vento. E logo temos tamén as ondas, ese vento vaille dando enerxía ao mar, vai levantando ondas. Pero ademais as borrascas ocupan moito espazo no Atlántico Norte e ese vento tamén vai xerando ondas que chegan como mar de fondo ao noso litoral.

VOZ EN OFF: Como vemos, no mar, o vento determina as condicións de navegación porque á súa propia forza une as ondas que provoca e o mar de fondo. E se o vento non sopra igual en todo o litoral galego as condicións de navegabilidade non son as mesmas tampouco en toda a costa, por iso Meteogalicia ten dividida a costa galega en cinco zonas marítimas.

XOÁN TABOADA: Dividimos cinco zonas. Unha que iría dende A Guarda ata Fisterra; outra que sería A Costa da Morte; esa zona do Golfo Ártabro entre Ferrol e Ortegá; e logo estaría a costa de Lugo. E aí damos a previsión para os seguintes catro días onde, *bueno* pois, loxicamente, distinguimos os ventos para a mañá, tarde e noite, a altura do mar, o mar de fondo e a visibilidade. Cando hai ventos de sur, por exemplo, pois moitas veces os avisos soamente son para a zona da Costa da Morte e a zona do Ártabro, pois non é que teña un tempo perfecto, pero non é suficiente como para ter que dar un aviso de protección civil.

VOZ EN OFF: Os ventos do sur e do sudoeste son os que traen os temporais. De aí que contra eses ventos tanto o Golfo Ártabro como o Cantábrico galego en xeral estean máis protexidos. Pero ás veces os ventos cambian de sentido, rolan, e modifican as condicións do mar.

XOÁN TABOADA: Tamén son *perigosos* os ventos do noroeste, porque os ventos do noroeste normalmente veñen coa mesma dirección das ondas do mar de fondo, e iso multiplica a altura desas ondas, co cual a secuencia típica cando vén un temporal é que teñamos entre

doce e vinte e catro horas con ventos fortes do sur e que logo os ventos rolen a noroeste e que a altura das ondas aínda *poda* subir.

VOZ EN OFF: A partir dos catro metros xa se dá aviso por ondas no mar, pero poucas veces se chega á alerta vermella que desaconsella practicamente a navegación das embarcacións que saen a faenar. Os servizos meteorolóxicos teñen un protocolo de avisos por cores e pola forza do vento.

XOÁN TABOADA: Temos un nivel amarelo que damos cando hai Forza 7, e un nivel laranxa que damos a partir de Forza 8. E incluso hai un nivel vermello que daríamos se prevemos ventos de Forza 10 e a partir de aí, en principio, cada un, coa súa arte de pesca, cos seus barcos... Hai avisos por vento e por ondas tamén. Cando as ondas superan os catro metros é aviso amarelo, entre cinco e oito metros sería aviso laranxa, máis de oito metros aviso vermello. Entón, se hai un aviso que é soamente por mar de fondo, por exemplo, e estamos traballando nunha embarcación relativamente grande, pois ao mellor é unha situación que podemos manexar con solvencia. *Sen embargo*, se é unha mar combinada porque temos ventos de Forza 8 e ademais ondas de catro metros pois a prudencia seguramente indica que mellor ese día quedar na casa.

VOZ EN OFF: Estas condicións moi adversas déronse por exemplo no ano 2014 cando houbo temporais seguidos que obrigaron ao amarre da frota, inclusive a artesanal. Eses temporais, interminables, son os que fan pensar aos mariñeiros que estamos realmente padecendo as consecuencias dun cambio climático.

XOÁN TABOADA: A altura das ondas si está aumentando, si. Episodios como os que tivemos hai dou anos, por exemplo, de moitas borrascas profundas, aquelas cicloxéneses explosivas que chegaban unha detrás de *outra*, aquelas ondas que, *bueno*, superaban os dez, doce metros con certa facilidade, realmente son eventos que son máis probables neste contexto do que eran antes.

VOZ EN OFF: Porén estamos máis informados ca nunca das condicións do mar e con varios días de anticipación, porque as ecuacións matemáticas e físicas aplicadas con modelos meteorolóxicos axeitados permiten ofrecer prognósticos fiables, tanto da evolución dos ventos como da altura das ondas. Temos circundado a terra satélites meteorolóxicos que nos ofrecen instantáneas da evolución dos ciclóns das borrascas, dos ventos e que permiten predicir como van chegar estes fenómenos ás costas de Galicia. Asemade Meteogalicia ten ancoradas tres boias no litoral galego para medir a altura das ondas. E Portos do Estado tamén está a recibir información das boias que ten a carón dos seus portos. Datos que se refiren a ondas, temperaturas e salinidade, noemadamente

XOÁN TABOADA: Nestes intres pois temos cinco boias oceanometeorolóxicas e tres boias máis que miden a altura das ondas. Si que en Galicia podemos chegar a ter *temporales* en que superan as ondas os dez metros de altura, altura significativa, porque despois estas boias o que fan é cada media hora transmitir os datos promedio pero despois cando un analiza polo miúdo, como dicía antes, isto é H 1/3, o promedio das ondas máis altas, pero algunha destas ondas supera eses, esa altura significativa, co *cual* hai dous anos, por exemplo, chegaron a medirse ondas de máis de vinte metros de altura.

Xunto á información puntual a curto prazo de ventos e de ondas, Meteogalicia ofrece información pensada para confrarías, como o calendario anual de mareas que axuda por exemplo a planificar as xornadas de marisqueo e que se pode consultar mesmo na páxina web.

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: Esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que o candidato se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que o poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ■ Como se chama? ■ A que se dedica? ■ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ■ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda? ■ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? (Se procede) ■ Que lle gusta máis da cultura galega? ■ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa? 	
2. RESUMO	3 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: O candidato ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que o candidato entendeu o contido do texto. NON é unha proba de memoria, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:</p>	
<p>Faga un resumo do contido do video.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Que é Meteogalicia? ■ Que ofrece? ■ De que tipo de predición se fala? 	
3. EXPOSICIÓN	3-4 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: O entrevistador escollerá unha das alternativas das que se propoñen e a partir dela diralle ao candidato que faga unha exposición de 2-3 minutos, na cal defenda o seu punto de vista ou argumente sobre ese tema. Daráselle 1 minuto para pensar ou organizar o seu discurso, indicándolle o seu tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que o candidato poida ser debidamente avaliado. Se o candidato tarda en iniciar a súa exposición, poderáselle axudar con preguntas do tipo: <i>Que opina vostede sobre isto? Está de acordo? Parécelle necesario? Quere engadir algo máis?</i> etc. Se non a realiza, haberá que respectar un pouco o seu silencio para deixar en evidencia que non está cumprindo esta parte da tarefa, pero EN NINGÚN CASO se pasará inmediatamente ás preguntas de interacción da seguinte parte.</p>	

Realice unha exposición acerca do seguinte enunciado:

- A. “As predicións meteorolóxicas son hoxe en día moi fiables, pero sempre queda marxe para a incerteza.”
- B. “A meteoroloxía é unha ciencia que alerta sobre o cambio climático e os desastres naturais que poden acompañalo.”
- C. “A predición meteorolóxica é imprescindible para saír ao mar, e moi útil no día a día.”
- D. “As borrascas, os temporais e as cicloxéneses son unha marca de identidade do inverno en Galicia.”

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o avaliador: Logo da exposición, establecerase un diálogo co candidato. A opción de preguntas que se lle dará ao candidato (A, B, C...) debe coincidir coa opción da frase-tema do ítem anterior. Agora ben, estas preguntas NON consisten nun interrogatorio; son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso do candidato. Ademais, é moi importante que se force a CONTRAARGUMENTACIÓN para poder avaliar a súa capacidade argumentativa.

OPCIÓN A

“As predicións meteorolóxicas son hoxe en día moi fiables, pero sempre queda marxe para a incerteza”

- Ata que punto confía vostede nas predicións meteorolóxicas?
- Está pendente delas por algunha razón especial ou non lle interesan? Explique as razóns.
- Como cre que se prognostica o tempo hoxe en día?
- Non lle parece que se gastan moitos cartos para saber que tempo imos ter ao día seguinte?
- Para que profesións, ademais das relacionadas co mar, a previsión meteorolóxica pode ser relevante?
- Coñece vostede algún refrán ou frase feita relativa ao clima ou á predición do tempo?
- Que grao de confianza lle outorga ese tipo de refráns?

(Se procede)

- Existen semellanzas ou diferenzas entre a predición meteorolóxica en Galicia e a do seu lugar de orixe?

OPCIÓN B

“A meteoroloxía é unha ciencia que alerta sobre o cambio climático e os desastres naturais que poden acompañalo”

- Considera que a meteoroloxía é unha ciencia? Por que?
- Que opina sobre a cuestión do cambio climático?
- Existe ou non cambio climático? Explique o porqué da súa resposta.
- Furacáns, cicloxéneses explosivas, inundacións... que outros desastres naturais pode levar aparelados o cambio climático? Viviu en primeira persoa algún destes fenómenos? Conte a súa experiencia.
- Algunhas previsións a longo prazo pintan un horizonte apocalíptico. Que opina ao respecto?
- Que podemos facer cada un para contribuír a paliar eses efectos?
- Cre que dende a administración se está a facer o suficiente neste terreo?
(Se procede)
- Existen semellanzas ou diferenzas entre as formas de vivir o cambio climático en Galicia e as do seu lugar de orixe?

OPCIÓN C

“A predición meteorolóxica é imprescindible para saír ao mar, e moi útil no día a día”

- Consulta vostede a miúdo a predición meteorolóxica? Cal? Por que?
- Que grao de confianza lle merece?
- Sabía da existencia de Meteogalicia? Que opina ao respecto?
- Coñece algún outro servizo de predición meteorolóxica? Cal?
- Boias no mar, satélites no ceo, observatorios na terra. Non lle parece que tantos medios só serven para obter ao final unhas previsións pouco fiables?
- Que melloraría nas previsións meteorolóxicas actuais?
- Coñece o “Mentireiro verdadeiro”, “O gaitero de Lugo” ou obras similares? (Se procede) Que opinión lle merecen?
(Se procede)
- Existen semellanzas ou diferenzas entre as formas de vivir o cambio climático en Galicia e as do seu lugar de orixe?

OPCIÓN D

“As borrascas, os temporais e as cicloxéneses son unha marca de identidade do inverno en Galicia”

- Ademais de borrascas, temporais e cicloxéneses, que outros fenómenos meteorolóxicos caracterizan o inverno en Galicia? E o verán?
- Viviu algunha vez un temporal no mar? E na terra? Conte a súa experiencia.
- Non lle parece que se esaxeran os efectos adversos do clima en Galicia?
- Dende o punto de vista climático esta é unha zona de clima “suave”. Que opina ao respecto?
- Séntese cómodo co clima galego ou, de poder facelo, preferiría vivir noutro lugar? De ser así, onde?
- Cre que o tempo meteorolóxico inflúe na maneira de ser das persoas? E dos pobos? Explique o porqué da súa resposta.

(Se procede)

- Existen semellanzas ou diferenzas entre as formas de vivir o cambio climático en Galicia e as do seu lugar de orixe?